



(SECRETARÍA)  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTA CONCELLO O 7 DE ABRIL DE 2016**

**LUGAR:** CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

**TIPO DE SESIÓN:** ORDINARIA      **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro do PP

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. ROMÁN SUÁREZ PORTO

Concelleiro do PSdeG-PSOE

DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

D. LUIS RENDO ARAUJO

Concelleiro

D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA

Concelleiro

D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS

Concelleira

GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS

Concelleira

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS

Concelleiro

FALTAN Á SESIÓN

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira do PSdeG-PSOE

SECRETARIA

DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

INTERVENTOR ACCIDENTAL

Luis M. Lozano Lorenzo

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas corenta minutos do día sete de abril de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para as vinte horas trinta minutos, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria do Concello, Dna. Lucía Artime Alonso.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde, e antes de iniciar o debate, o Sr. Alcalde-Presidente dá a benvida a todos os asistentes á sesión plenaria comunicando que a partir de agora todas as sesións serán grabadas en vídeo, sendo retransmitidas en directo nunha páxina de Youtube denominada "PLENOS EN DIRECTO", ademais de ser almacenadas para posteriores consultas, conseguindo con isto dar máis transparencia e información aos cidadáns. De seguido, dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 4 DE FEBREIRO DE 2016.** Dáse conta da acta correspondente á sesión

plenaria celebrada o 4 de febreiro de 2016, aprobándose por unanimidade e ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 3 DE MARZO DE 2016.** Dáse conta da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o 3 de marzo de 2016, aprobándose por unanimidade e ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**3º.- RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN PRESENTADAS CONTRA O ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EJERCICIO 2016; PREVIO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 31/03/2016.**

O **Sr. Alcalde** outorga a palabra ao Concelleiro de Facenda, D. Alberto Blanco, para espoñer este asunto.

O **Sr. Alberto Blanco** inicia a súa intervención explicando que na Comisión Informativa de Facenda e Contas ditamonouse a proposta resolutoria das reclamacións presentadas no período de exposición pública do Orzamento para o exercicio 2016, consistentes en 5 alegacións: catro presentadas polos Sindicatos e a outra por unha traballadora deste Concello. En cumprimento da normativa aplicable, estas alegacións fóron obxecto de informe conxunto pola Secretaría e Intervención municipais, segundo o cal a reclamación presentada pola traballadora laboral non ten contido alegatorio, mentres que os escritos presentados polas organizacións sindicais non se axustan ás causas legais que establece a normativa para reclamar contra o Orzamento; polo tanto, no dito informe se desestiman ditas alegacións.

Concede, o Sr. Alcalde, a palabra á Concelleira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, a cal manifesta, en primeiro lugar, que hai que celebrar a transparencia para que os veciños poidan ter acceso ás sesións plenarias. En segundo lugar, con respecto ao asunto que se trata neste punto da Orde do Día, di que, á vista das alegacións presentadas, lles xurdiron algunhas dúbidas que consultaron, por iso é certo que o expediente legal di que ten que haber un informe de Secretaría-Intervención e así é, obra no expediente, limitándose a dicir que non se admiten as alegacións porque non se axustan aos tres supostos que establece a Lei; sen embargo, di que existen precedentes ditados polo Tribunal Supremo de Xustiza de Galicia, así como diferentes sentenzas, que din que, atendendo ao Capítulo I de Persoal, non comparten a apreciación de que non teña lugar as citadas alegacións, podendo citar xurisprudencia; por iso, o seu grupo entende que non se poden despachar os asuntos en base a un mero trámite, senón que se debe estudar o fondo e analizar os mesmos. Continúa dicindo que, despois da lectura das alegacións presentadas polos catro sindicatos, se pode ver como varias delas poden ser viables legalmente e asumibles polo Concello, ademais, algunha delas recollen algo que facía público hoxe o Concelleiro delegado de Persoal sobre o de facer fronte ás indemnizacións ao persoal laboral, asunto que foi advertido polos grupos da oposición nas distintas Comisións e debates plenarios, despois de diferentes sentenzas favorables a estes traballadores, e por iso non entende que o Orzamento que se vai a aprobar definitivamente para este ano siga sin recoller todos os supostos aos que vai que ter facer fronte este Concello nesta materia, a pesares que o Concelleiro dicía nos medios de comunicación que se tería que facer fronte a unhas indemnizacións aproximadas de 60.000 euros e a un incremento anual de 54.000 euros, como consecuencia de que hai que recoñecer un dereito adquirido a case 34 traballadores laborais. A pesares do anterior, di a Sr. Louzao que o goberno decide facer unha fuga cara adiante, sen tomar medidas de negociación, preferindo que os traballadores vaian pola vía xudicial e, como consecuencia, o Concello terá que poner diñeiro do peto de todos para pagar a avogados e indemnizacións.

A Sra. Louzao manifesta que son conscientes de que a Lei marca tres supostos tipificados para recurrir aos Orzamentos municipais, pero tamén son conscientes de que é necesario entrar no fondo do asunto das alegacións

presentadas, xa que o seu grupo considera que teñen posibilidades de ser factibles e asumibles polo Orzamento deste Concello, igual que foron asumibles os 82.000 euros de suba de soldos aos membros do goberno en detrimento dos do persoal.

Ante o anterior, a Sra. Louzao, manifesta que o seu grupo político vai a votar a favor das alegacións presentadas, xa que considera que se debe entrar no fondo das mesmas ao mesmo tempo que considera que son asumibles polo Orzamento, pedindo que se faga un informe ao efecto analizando o fondo das mesmas, xa que considera que xa está ben que este grupo de goberno mire para outro lado e deixe aos traballadores na estacada.

A continuación inicia a súa intervención a Concelleira de MÓVETE, **Sra. Mar Blanco**, manifestando a súa alegría de que as sesións plenarias sexan retransmitidas en directo despois dun ano transcorrido dende o inicio da súa lexislatura, esperando que non pase un ano para a levar á Comisión a moción do seu grupo político para a creación dun portal de transparencia e participación cidadá en prol de avanzar en aras dunha institución máis democrática.

Con respecto ao asunto que se trata neste punto, a Sra. Blanco di que as alegacións presentadas ao Orzamento polos sindicatos mostran a falta de comunicación entre os traballadores representados e o goberno municipal sobre as cuestións que deberan de ser tratadas e solventadas na RPT. Dende o seu grupo sempre se cuestionou a maneira de elaborar este documento de ordenación do persoal municipal por non ser consensuado cos traballadores e por non cumprir a normativa de creación de postos de traballo, e agora, como consecuencia, se derivan estas alegacións ao Orzamento.

Continúa dicindo que, tendo en conta o sinalado no informe de Secretaría/Intervención, as alegacións carecen de fundamento legal para recurrir o Orzamento municipal, pero tamén se sinala neste informe que o órgano competente para resolver é o Pleno, polo tanto, considera que o Pleno non pode obviar unhas demanda lexítimas dos representantes dos traballadores municipais debendo de aprobalas.

Asimesmo, a Sr. Blanco di que existen dúas cuestións que están relacionadas cos Orzamentos, unha delas é o incremento das retribucións en máis de 82.000 euros anuais a Concelleiros con dedicación exclusiva e persoal de confianza (en concreto un), deixando claro que para o grupo de MÓVETE o problema non está en que existan Concelleiros con dedicación exclusiva, senón nos salarios deses Concelleiros (o do Alcalde e do funcionario nomeado como persoal de confianza), considerando que esos salarios deben de ser acordados coa situación económica do Concello, non sendo os máis altos permitidos por lei senón aqueles que permita a situación económica dos estradenses e dos traballadores do Concello. Por outra banda, a partida adicada ao persoal laboral incrementouse en máis de 53.000 euros e que, sumados aos devanditos 82.000 euros, supón un incremento global de máis de 135.000 euros con respecto ao 2015, máis do dobre dos recortes asumidos polos traballadores municipais, sen ter en conta o que se incrementará esta partida contando cos 60.000 euros para pagamento de indemnizacións por cumprimento de sentenzas a favor de varios traballadores.

Fai un inciso a Sra. Blanco para pedir unha relación das contratacións obxecto de reclamacións e na que conste as lexislaturas nas que se efectuaron.

O Sr. Alcalde outorga a palabra ao **Sr. Xosé Magariños**, voceiro do BNG, o cal lamenta que polo grupo de goberno non se avisara aos outros grupos da corporación sobre a posta en marcha da retransmisión en directo das sesións plenarias. Indo ao fondo do asunto que se trata, fai mención ao informe de Secretaría/Intervención o cal sinala que non se gardan as formas para a validez das alegacións presentadas, pero considera necesario entrar no fondo das alegacións porque afecta a un punto moi importante do Orzamento e que é o capítulo de persoal, o cal inclúe unha partida importante de incremento en órganos de goberno, precisamente para aquelas persoas responsables de persoal, o que non supón ningún beneficio para as arcas municipais, senón que supón e trae unha cantidade considerable de sentenzas de xuízos perdidos polo Concello e que supoñen un custo económico para o Concello e que se traduce na errónea maneira de goberno. Polo que considera que se debe entrar no fondo destas alegacións xa que é moito o que se está xogando e que supón un gran desenvolvemento económico, sinal da nefasta forma de gobernar en materia de persoal que ten o actual grupo

de goberno.

Polo anterior o Sr. Xosé Magariños considera que estas alegacións non se deben de despachar cunha simple excusa de falta de forma, senón que se debe entrar no fondo a debatir a necesidade de poñer fin a unha realidade que está a ocorrer e que é que os traballadores teñan que reclamar os seus dereitos ante a xustiza porque o goberno non lle da razón nin cabida a eses dereitos, dando lugar a sentenzas desfavorables a Concello que supoñen o pagamento de cantidades con incrementos de intereses. Polo que non se pode seguir obviando esta realidade, é os Orzamentos son os instrumentos para facer efectiva esta realidade. O Sr. Magariños dí que cré que o goberno non quere asumir esta responsabilidade porque suporía deixar en vergoña a aquela persoa que obtema o cargo de xestión de persoal.

Volve a intervir o Concelleiro de Persoal, **Sr. Alberto Blanco**, para aclarar que aquí se está a tratar dunhas alegacións presentadas contra a aprobación inicial do Orzamento municipal para o exercicio 2016, recordando que só existen tres motivos para recurrir un Orzamento, cuestión que se sinala no informe da Secretaría/Intervención, e que ditas alegacións non se encadran en ningún deses aspectos legais e, polo tanto, se desestiman. Continúa dicindo que ditas alegacións se formulan en sede da RPT.

Con respecto aos contratos obxecto de demandas e posteriores sentenzas, dí que veñen de antes do ano 1998, ano en que nunha sesión plenaria se adopta un acordo onde se establece que para recoñecer os trienios do persoal laboral (non recollidos nos respectivos contratos) se adoptaba o Convenio da Xunta de Galicia; dí que a día de hoxe non é posible por parte do Concello negociar un incremento laboral debido á prohibición do incremento da masa salarial, sobre todo antes de que existan sentenzas, aproveitando para dicir que no todas a que se están ditando non son favorables aos traballadores.

O Sr. Blanco Carracedo aclara que non se pode contemplar no Orzamento municipal unhas cantidades que non son previsibles ata que salgan as respectivas sentenzas. Por outra banda di que non se poden facer incrementos salariais por causa dos limitacións legais establecidas na actualidade. E, por último, di que o reclamado nas alegacións é materia da RPT que se está a negociar e pendente de aprobación despois da resolucións das alegacións presentadas á mesma; pero non son motivo de recurso ao Orzamento.

O Sr. Alcalde concede a palabra novamente á **Sra. Belén Louzao**, para reiterar o sinalado pola Sala do Social do TSXG sobre que os temas que afecten á plantilla de persoal poden ser obxecto de recurso ao Orzamento municipal, xa que non poden quedar reductos da actividade administrativa exentos de fiscalización xurisdiccional; ante isto, a Sra. Louzao pide que se entre dunha vez por todas no análise das apreciacións feitas polos representantes sindicais ao considerar o seu grupo que son viables para que o Orzamento municipal asuma as alegacións presentadas.

O voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, intervén para reiterar a necesidade de entrar no fondo das alegacións presentadas ao Orzamento ao mesmo tempo que manifesta que o seu grupo político considera que se deberían de ter en conta, polo que votarán a favor das mencionadas alegacións.

Volve a intervir o **Sr. Alberto Blanco** para aclarar, con respecto á sentenza do TSXG mencionada pola Sra. Louzao, que aí se dí que non pode quedar fóra da xurisdicción administrativa ningún acordo adoptado por un Concello, recordando que durante o goberno do bipartito non se arranxou a situación que existía nese momento.

O **Sr. Alcalde** recoñece que é necesario entrar no fondo das cuestións, así como que existe un problema co persoal, por iso se está a traballar para elaborar unha RPT. Ademais aclara que dentro do Concello se contraeron varias relacións laborais, e cada unha delas é un suposto distinto, polo que á hora de buscarlle unha solución non foi fácil ata agora; de feito, se tratan de relacións contractais que veñen de antes do ano 1998 non habendo ningún goberno ao longo dese tempo que tivera a capacidade de solucionar estes problemas. Con respecto ás alegacións que se presentan ao Orzamento do 2016, considera que

teñen máis encaixe dentro da tramitación do expediente da RPT que na propia aprobación do Orzamento.

Por outra banda, o Sr. Alcalde desminte a posibilidade de prever a dotación orzamentaria, recordándolle aos membros do Pleno asistentes a existencia dunha sentenza non aplicable ao persoal laboral, unha sentenza que da a razón e remite a cada funcionario a presentar unha reclamación contra o Concello de forma individual, sendo dita reclamación a que lle dará dereito o non a esa retribución. Tamén aclara que son moitos os procedementos existentes contra o Concello, cuxas sentenzas non son sempre favorables ao reclamante; polo tanto, dos 34 laborais que reclaman xudicialmente, existen sentenzas desestimatorias total e parcialmente, a pesares do conflito colectivos favorables a eses empregados. Polo que pide aos outros grupos políticos que sexan coherentes e sensatos, porque por vía negociación non se poden tratar estes problemas, porque sería ilegal, sendo o seu grupo de goberno o que animou aos traballadores acudir á xustiza para regularizar a súa situación laboral e reclamar o seu dereito, por ser a única forma posible (por exemplo, os traballadores de Protección Civil).

Polo anterior, o Sr. Alcalde considera que non se trata dun dispendio do carto público, como din os grupos da oposición, aclarando que o grupo de goberno se posiciona sempre do lado dos funcionarios, porque entende que están sufrindo unha situación de desigualdade con respecto a outros funcionarios que fan o mesmo traballo.

Con respecto á mencionada sentenza do TSXG, pide que lle digan se ese acordo fala de que a través dunha alegación presentada na fase de exposición pública dos Orzamentos municipais pode dar lugar á modificación do capítulo I cun incremento salarial dos funcionarios ou laborais, e se é así rectificará.

Por último avanza a intención de someter a sesión plenaria a RPT, polo que invita a todos os membros da corporación a traballar conxuntamente neste documento para adaptalo ás necesidades dos traballadores.

Por alusións, pide a palabra a **Sra. Belén Louzao** para aclarar que o que di a sentenza do TSXG é que, a pesares de que non se encadra nos tres supostos establecidos pola lei para recurrir ao Orzamento municipal, si hai lugar para entrar no fondo das mesmas e que sexan contempladas na proceso de elaboración. Sen embargo, o grupo de goberno rexeitaron as alegacións sen entrar no fondo e estudo das mesmas. Recorda tamén que o seu grupo de goberno non dixo que consideraban un dispendio pagar aos traballadores, ao contrario, esixen que se lles recoñezan os dereitos, como leva facendo sempre o grupo socialista, pero o que consideran un dispendio e sequeur gastando cartos en avogados por non entrar no fondo das cuestións e solucionalas.

Responde o **Sr. Alcalde** dicindo que non sabe como consideran que non se entrou no fondo das cuestións, xa que as alegacións foron obxecto de análise e estudo e, a pesares deso, non se admitiron xa que a Secretaria e o Interventor en funcións din que non proceden as alegacións presentadas, polo tanto o grupo de goberno está a cumprir o que manda a asesoría xurídica, e aclara que se trata de un informe preceptivo e vinculante. En canto ao contido das alegacións, o Sr. Alcalde di que sabe que teñen razón, pero non reúnen as condicións para recurrir o Orzamento. Por outra banda, remitíndose ao dito pola Sra. Louzao, non se poden incluír esas modificacións nin incrementos salariais ao Orzamento cando as Sentenzas presentadas por algúns traballadores laborais non gañan o procedemento, ademais non se pode mentres nos haxa unha orde xudicial para facelo. Con respecto ao anterior o Sr. Alcalde avanza que hai sentenzas que se están ditando de maneira desfavorable para os traballadores reclamantes; polo tanto, a medida que vaian saíndo as sentenzas o Concello irá adaptando os complementos correspondentes a cada traballador segundo o fallo das mesmas. Polo anterior, di que a solución do problema laboral só se pode arranxar vía RPT e non vía aprobación do Orzamento.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose por maioría (cos votos a favor do PP e en contra de PSdeG-PSOE, BNG e MÓVETE), o seguinte **ACORDO**:

**Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda e Contas de data 26/03/2016, en relación**

co asunto de referencia.

Examinados os escritos que se relacionan, dirixidos contra o Orzamento municipal 2016, aprobado nun principio na sesión plenaria do 10 de febreiro de 2016, e presentados no período anunciado no Boletín Oficial da Provincia do 16/02/2016:

ASINANTES	PRESENTACIÓN	
	Data	Nº Rexistro
D. Eduardo Rejo Portela, e/r da Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSI-F).	4-marzo-2016	2946
D. José Ramón Piñeiro Piñeiro, e/r do sindicato Comisións Obreiras (CC.OO.).	4-marzo-2016	2948
Dna. Bernardina Porral Mosquera, e/r da Confederación Intersindical Galega (C.I.G.).	4-marzo-2016 (Corrección de erros, o 14)	2962 e 3275
D. José Luis Rey García, e/r da sección sindical da F.S.P.da Unión Xeral de Traballadores (UGT).	4-marzo-2016	2971
Dna. Paula Alexandre Teixeira	R. Xeral da Xunta de Galicia: 4-marzo-2016	Xunta de Galicia: 35050/RX 579853
	Concello: 8-marzo-2016	Concello: 3073

Tendo en conta que, a tenor do informe conxunto da Secretaría e a Intervención municipais de data 23/03/2016, non se aprecia nas alegacións formuladas ningunha das tres causas para reclamar contra o Orzamento establecidas no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en sesión do 31/03/2016.

#### **ACORDAMOS:**

Desestimar, por falta de fundamento legal, os escritos contra o Orzamento municipal para o exercicio 2016 presentados o 04/03/2016 polos sindicatos: Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSI-F) [R.E. nº 2946]; Comisións Obreiras [R.E. nº 2948]; Confederación Intersindical Galega (C.I.G.) [R.E. nº 2962] e Unión Xeral de Traballadores (UGT) [R.E. nº 4137], así como pola traballadora municipal Dna. Paula Alexandre Teixeira (Rex. Xeral da Xunta de Galicia 35050/RX 579853), dado que neles non se aprecia ningún dos motivos para reclamar contra o Orzamento sinalados no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

#### **4º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2016; PREVIO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 31/03/2016.**

O Sr. Alcalde outorga a palabra ao Concelleiro de Facenda, **D. Alberto Blanco**, o cal expón que, unha vez rexeitadas as alegacións presentadas, procede a aprobación definitiva do Orzamento municipal para o exercicio 2016 tal e como

foi presentado na aprobación inicial.

Toma a palabra a **Sra. Belén Louzao**, voceira do partido socialista, para pedir copia das sentenzas xa ditadas en aqueles procedementos iniciados por reclamacións de persoal municipal, recordando que nunca foi convocada ningunha Comisión Informativa para informar sobre eses asuntos, solicitando que se convoquen a ese efecto e non ter que enterarse so mediante as declaracións que se fan polo Sr. Alcalde aos medios de comunicación.

Resposta o **Sr. Alcalde** para dicir que o que manifesta a Sra. Louzao non é certo, xa que o seu grupo de goberno da conta de todas as sentenzas á Xunta de Goberno Local, cuxas actas son notificadas posteriormente aos Concelleiros da Corporación non membros da mesma.

A **Sra. Belén Louzao** continúa a súa intervención dicindo que efectivamente reciben as copias das actas da Xunta de Goberno Local, pero con atraso; polo que a información chégalles antes vía medios de comunicación, polo que dubida da transparencia do grupo de goberno cando as actas sonlles notificadas con meses de atraso, volvendo a instar para que se convoquen sesións de Comisións Informativas para informar aos grupos da oposicións destas cuestións e así permitir que actúen e traballen ao respecto.

Con respecto ao asunto a tratar neste punto da Orde do Día, a Sra. Belén Louzao manifesta que o seu grupo político (PSdeG-PSOE) vai a manter o voto en contra da aprobación do Orzamento do 2016, por tratarse dun documento pouco transparente, onde se incrementan as partidas opacas e onde, incluso, se modifican as Bases de Execución para poder facer procesos menos transparentes; asimismo, considera que se trata dun Orzamento onde destaca a suba das partidas para pagar os salarios do Alcalde, Tenentes de Alcalde e do persoal de confianza (que sube un 75% do seu salario, poñendo en práctica a política do amiguismo). Polo anterior, considera que este Orzamento para o 2016 non é un exemplo de preocupación polos intereses dos veciños da Estrada. Continúa dicindo que, en tema de inversións, hai doce millóns cando se reflexa douscentos e pico mil euros, porque o resto vai ligado a un crédito, e así moitas cuestións que inflúe no voto en contra do seu grupo político, por exemplo, o incremento do gasto corrente, incremento desas partidas "caixón desastre" (a pesares de que o grupo de goberno dixo no seu momento que había que reducilas). Polo anterior, a Sra. Louzao considera que este Orzamento non se axusta ás prioridades dos veciños/as da Estrada, non é transparente e democrático, motivos polo que non van a apoiar este Orzamento.

Toma a palabra a voceira de MÓVETE, **Sra. Mar Blanco**, manifestando que o seu grupo non vai a apoiar un Orzamento ao que valora de continuísta, xa que segue sen afondar os problemas da xente e a mellora de servizos, sendo pouco claros e onde prima o despilfarro fronte á resposta á demanda dos estradenses, tales como maior democracia, política de emprego e política de servizos sociais.

Intervén o voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, para dicir que segue mantendo os argumentos manifestados na sesión plenaria de aprobación inicial do Orzamento 2016, xa que se trata de un Orzamento en que se incrementan os gastos xerais e se reduce a capacidade de investimento do Concello, polo que o seu grupo político segue mantemento o voto en contra.

Volve a intervir o **Sr. Alberto Blanco** para aclarar, con respecto aos gastos do Capítulo I, que son trescentos ou catrocentos mil euros máis baixos con respecto a Orzamentos aprobados no bipartido, recordando os 140.000,00 euros que se pagaron en concepto de horas extraordinarias no primeiro semestre do 2011, superando o presupostado por este grupo de goberno, sen esquecer o que algún Alcalde quiño cobrar no seu momento.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para recordar que non foi o ano que máis se pagou, xa que houbo anos nos que se aboaron 170.000,00 euros en horas extras por parte do goberno bipartito, deixando constancia da gran xestión en materia de persoal que se facía por aquel grupo de goberno, onde, se se analiza as cantidades aboadas, tamén se pode ver a política de amiguismo do grupo



socialista durante o seu goberno.

Con respecto ao asunto que se trata neste punto, o Sr. Alcalde di que se trata de dar continuidade e estabilidade a un documento xa aprobado inicialmente noutra sesión plenaria, polo que non hai lugar a un novo debate, tan só é dar a súa aprobación definitiva e publicalo no boletín correspondente para que entre en vigor o antes posible e poder sacar adiante os proxectos e iniciativas que nel se contemplan.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose por maioría (cos votos a favor do PP e en contra de PSdeG-PSOE, BNG e MÓVETE), o seguinte **ACORDO**:

Visto o expediente do Orzamento municipal para o exercicio 2016, cuxa aprobación provisional tivo lugar na sesión plenaria do 10 de febreiro de 2016, e que permaneceu exposto ao público durante o prazo de 15 días, anunciado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 16/02/2016.

Visto o informe emitido conxuntamente pola Secretaría e Intervención municipais con data 23/03/2016, en sentido desestimatorio das cinco reclamacións presentadas no dito prazo.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en sesión do 31/03/2016.

E, a fin de completar a tramitación referida no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

#### **ACORDAMOS:**

Aprobar definitivamente o Orzamento municipal para o exercicio 2016 nos termos aprobados nun principio na sesión plenaria do 10 de febreiro de 2016.

**5º.- EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DE ANACO DE CAMIÑO PÚBLICO RADICADO ENTRE AS LEIRAS NÚMEROS 427, 428 E 479 DA ZCP DE SAN MIGUEL DE CASTRO (CONSTENLA), PARA A SÚA CUALIFICACIÓN COMO PARCELA SOBRANTE, INTERESADA POR D. JOSÉ LUIS REIMÓNDEZ LAGOS E DÑA. AMPARO ASOREY COTOVAD; PREVIO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE DE 31/03/2016.**

Para a explicación deste asunto o Sr. Alcalde outorga a palabra ao Concelleiro de Medio Rural, **D. Juan M. Constenla Carbón**, o cal di que se trata dun anaco de camiño radicado entre as leiras números 427, 428 e 479 da Zona de Concentración Parcelaria de San Miguel de Castro, previa solicitude de D. José Luis Reimóndez e Dña. Amparo Asorey, para a súa desafectación e posterior cualificación como parcela sobrante de 445,00 m<sup>2</sup>, e a continuación proceder a súa compra-venda, tendo un valor de 1.335,00 euros. Recorda que este expediente foi ditaminado favorablemente na Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente.

O **Sr. Alcalde** aclara que este expediente xa foi exposto ao público para alegacións dos veciños colindantes, e existen uns interesados, polo que se acorda a venda en firme desta parcela aos señores José Luis Reimóndez Lago e Amparo Asorey Cotovad, o que se lle comunicará formalmente para formalizar ante Notario.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta formulada en data 02/03/2016 por parte do Sr. Concelleiro Delegado de Medio Rural e Medio Ambiente, relativa á aprobación de desafectación de anaco de camiño público radicado entre as leiras números 427, 428 e 479 da ZCP de San Miguel de Castro (Constenla), para a súa cualificación como parcela sobrante; interesada por D. José Luis Reimóndez Lagos e Dña. Amparo Asorey Cotovad .

Visto que, en data 15/07/2014 (RE nº 8.939), D. José Luis Reimóndez Lagos solicitou a desafectación de anaco de camiño público radicado entre as leiras números 427, 428 e 479 da ZCP de San Miguel de Castro (Constenla), para a súa posterior compra-venda como parcela sobrante, co obxecto de agregala á súa finca colindante nº 479 da ZCP de San Miguel de Castro, xuntando, para tal efecto, memoria e planimetría elaborada polo Arquitecto Técnico, D. Daniel Órrea Corral (de data xullo de 2014).

Visto que, en data 18/12/2014, o Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (Sr. Brea Villaverde) emitiu informe favorable, sinalando substancialmente que:

- a) se trata dun anaco que se pode considerar en desuso (se atopa cortado polas obras realizadas con ocasión da construción do ferrocarril de alta velocidade ao seu paso pola zona – totalmente valada -); non presta servizo; está totalmente inutilizado;... .
- b) o valor do terreo na zona estímase en 3,00 €/m<sup>2</sup>, co que a superficie de 445,00 m<sup>2</sup> supoñería un importe de 1.335,00 euros.
- c) determínanse as leiras colindantes, superficies, etc.

Visto que, do informe elaborado polo Perito Agrícola Municipal resultaría que o terreo público a desafectar e vender se identificaría coa seguinte referencia:

Superficie	Leiras Colindantes
445,00 m <sup>2</sup>	Radicado en Constenla, San Miguel de Castro. Linda: Norte: fincas 427 e 428 ZCP de San Miguel de Castro, e resto de camiño público. Sur: finca 479 e ADIF. Leste: finca 479 e camiño público. Oeste: ADIF e fincas 427 e 428.

(\* Consta certificación rexistral de dominio e cargas relativa á finca nº 479 da ZCP de San Miguel de Castro - ou rexistral nº 45.526-, acreditativa da súa titularidade dominical por parte da persoa interesada na solicitude de referencia ).

Visto que, en data 19/01/2015 (RE nº 520), o interesado achegou escrito de conformidade referido ao prezo motivado no informe técnico municipal, entre outros extremos.

Visto que, o día 28/01/2015, emitiu o seu primeiro informe xurídico o T.A.X.- Xefe do Servizo Xurídico de Urbanismo.

Visto que, en data 03/02/2015 (RS nº 573), pediuse ao interesado a achega de certificación rexistral de dominio e cargas, actualizada, das 3 fincas coas que colinda o anaco de camiño a desafectar; tendo este aportado simples notas informativas o día 03/07/2015 (RE nº 8.881), das que se infire que as fincas números 427 e 428 da dita ZCP aínda están inscritas a nome dos pais do interesado (por outra parte, xa falecidos). E, que a finca nº 479 de igual ZCP é cotitularidade da dona do interesado ( Dna. Amparo Asorey Cotovad ).

Visto que, o día 23/02/2015 (RE nº 1.943), recabouse o pronunciamento de ADIF, declinatorio do seu interese na adquisición da parte proporcional que lle puidera corresponder como titular colindante (renuncia ao seu dereito), de terse aprobado a desafectación e posterior alleamento do significado anaco de camiño público.

*(Esta resposta trouxo causa da consulta municipal que se lle formulara en data 30/01/2015 -RS nº 524 -, en base aos razoamentos contidos no dito informe técnico municipal, de xeito que se puxera no coñecemento do único propietario colindante co terreo a desafectar, aparte do interesado, a substanciación do procedemento en curso para que, no prazo de 15 días, se pronunciase sobre si lle interesaba ou non a merca da parte proporcional que lle puidera corresponder segundo o racional criterio de ordenación que se confeccionase pola Oficina Técnica Municipal).*

Visto que, en data 14/07/2015 (RE nº 9.442 ), a dona do interesado (Dna. Amparo Asorey

Cotovad), manifestou:

- ser coñecedora de que o seu cónxuxe, D. José Luis Reimóndez Lagos, solicitou en data 15/07/2014 a desafectación de anaco de camiño público radicado entre as leiras números 427, 428 e 479 da ZCP de San Miguel de Castro (Constenla), para a súa posterior compra-venda como parcela sobrante, co obxecto de agregala á finca colindante nº 479 ZCP de San Miguel de Castro, da que son cotitulares (sociedade de gananciais).
- que, previo exame do expediente en curso, coñece que, en data 18/12/2014, o Perito Agrícola Municipal emitiu informe favorable, valorando o terreo na zona en 3,00 €/m<sup>2</sup>, co que a superficie de 445,00 m<sup>2</sup>, supoñería un importe de 1.335,00 euros.
- que, acepta ese importe como prezo, con prexuízo do ofertado no informe-solicitud inicialmente presentado, que fora asinado polo Arquitecto Técnico, D. Daniel Órrea Corral (1.297,57 euros).
- que, xunto co seu cónxuxe, lle interesa a merca da totalidade do anaco (445,00 m<sup>2</sup>) unha vez se declare parcela sobrante, de ser o caso.
- que, igualmente, se compromete á achega perante o Concello, no prazo proporcionado que estime pertinente, de acreditación fidedigna da inscrición rexistral da parcela sobrante adquirida, que figure agrupada á finca da súa copropiedade nº 479 ZCP de San Miguel de Castro.

; asemade, presentou copia simple da escritura de protocolización da partición hereditaria decidida polos seus sogros a prol, entre outros, do seu esposo, en relación, aos efectos do presente expediente, coas fincas números 427 e 428 da ZCP de San Miguel de Castro (notaria, Dna. Almudena Romero López – nº 381/2005, do 7 de decembro-), de sorte que queda acreditada así a titularidade dominical destas a prol do Sr. Reimóndez Lagos (cupo 2 –fincas rústicas-), sen prexuízo da pendencia da súa regularización rexistral, toda vez que aquelas aínda figuran inscritas a nome dos pais deste.

*(\* Xa que logo, salvo erro ou omisión, queda acreditado documentalmente no expediente en curso que o único propietario colindante co anaco de camiño público a desafectar, aparte do matrimonio interesado, é ADIF que, por outra parte, renunciou expresamente, por desinterese, á parte proporcional que en dereito lle puidera ter correspondido).*

Visto o artigo 5 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, determinando que os bens demaniais son inalienables, de xeito que, espilos desta cualidade esixirá a tramitación dun expediente de alteración da súa cualificación xurídica acreditando a súa oportunidade e legalidade (artigo 8 RB e 269 da Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia -en adiante LALGA-).

Vista a oportunidade e o proveito para o Concello xustificada/o no informe do Perito Agrícola Municipal.

Visto que, de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, aplicable ás Entidades Locais en virtude do consagrado no seu artigo 2.3 maila Disposición Final II, unha vez desafectado o ben demanial, o seu alleamento pode ter lugar mediante venda directa aos propietarios colindantes interesados, se aquel se houbese declarado parcela sobrante debido á súa reducida extensión, forma irregular ou emprazamento, ou debido a que non fose susceptible do uso axeitado (inaproveitable), como así semella motivalo o Perito Agrícola Municipal no seu informe (artigos 8 e 155 RB; 268 e 277 LALGA).

Visto o segundo e derradeiro informe xurídico emitido en data 16/07/2015 polo T.A.X.-Xefe do Servizo Xurídico de Urbanismo.

Visto o informe xurídico emitido en data 24/07/2015 pola Secretaria Xeral municipal.

Visto o informe de fiscalización previa emitido en data 21/10/2015 pola Interventora municipal.

Visto o acordo plenario de data 10/12/2015, incoando o procedemento de desafectación ao tempo que ordeando a substanciación do preceptivo trámite de información pública (Taboleiro municipal de editos e anuncios, e B.O.P. nº 7/2016, do 13 de xaneiro), simultaneado coas notificacións nominativas do mesmo aos interesados/afectados.

Visto o certificado de Secretaría referido ao trámite de información pública evacuado, do que se infire a ausencia de alegacións/reclamacións/suxestións, salvo erro ou omisión.

Vista, en definitiva, a xustificación que fai o Perito Agrícola Municipal do carácter de parcela sobrante do terreo do que a súa desafectación se interesa, e considerándoo de interese público este Concelleiro.

Vistas, entre outras, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Texto Refundido aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Regulamento de Bens das Entidades Locais de 1986, a Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e concordantes.

Vistos, especialmente, os arts. 22.2.l) e 47.2.n) da significada Lei 7/1985, do 2 de Abril.

Visto o Ditame acadado en sesión do 31/03/2016 pola Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente .

### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Aprobar a desafectación do anaco de camiño público radicado entre as leiras números 427, 428 e 479 da ZCP de San Miguel de Castro (Constenla), segundo a seguinte descripción, por considerar que reúne os trazos legalmente esixibles de parcela sobrante, de acordo coa información técnica obrante no expediente:

Superficie	Leiras Colindantes
445,00 m2	Radicado en Constenla, San Miguel de Castro. Linda: Norte: fincas 427 e 428 ZCP de San Miguel de Castro, e resto de camiño público. Sur: finca 479 e ADIF. Leste: finca 479 e camiño público. Oeste: ADIF e fincas 427 e 428.

**Segundo.-** Declarar o nomeado terreo como parcela sobrante, recibíndoa formalmente como ben patrimonial ou de propio, e procedendo á correlativa/pertinente alteración inventarial.

**Terceiro.-** Notificar este acordo, para coñecemento e efectos, a:

- D. José Luis Reimóndez Lagos ( Rúa Calvo Sotelo, nº 19 – baixo, A Estrada ).
- Dna. Amparo Asorey Cotovad ( Rúa Calvo Sotelo, nº 19 – baixo, A Estrada ).
- ADIF ( Rúa Uría, s/n. Estación de Ferrocarril. 33003 Oviedo ) ”.

### **6º.- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL MÓVETE RELATIVA Á CREACIÓN DUN MONUMENTO HOMENAXE Á MULLER LABREGA; PREVIO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE DE 31/03/2016.**

O Sr. Alcalde outorga a palabra á Concelleira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, que pasar a expoñer á moción obxecto deste punto dicindo que o seu obxectivo é poñer en valor a muller na historia de Galiza, que a muller estradense foi unha muller que tivo que facer de nai, pai e atender os traballos do agro como substento da economía doméstica, considerando o seu grupo político a importancia de ter presente o que foi a vida das nosas avoas e as dificultades que tiveron á hora de sacar adiante á súa familia e así transmitirllo as xeracións futuras. Continúa dicindo que, na actualidade, todos poderíamos sentirnos reflexados

neste monumento homenaxe á muller na Estrada, porque esa muller labrega é parte do que somos agora, ademais, pode servir de inspiración para superar as dificultades polas que teñen que atravesar as mulleres de hoxe en día para poder acadar unha sociedade totalmente igualitaria. Por todo o anterior, a Sra. Blanco valora positivamente o Ditame acadado entre todos os grupos políticos na Comisión Informativa para dotar á Estrada dun símbolo en homenaxe á muller galega, o que se poderá concretar nun mural nunha das paredes do Mercado, ou ben nun poema inscrito nunha das cristaleiras do novo Mercado.

O **Sr. Alcalde**, a petición da voceira do PSdeG-PSOE, ordea que se dea lectura ao texto do Acordo que se adoptaría despois do Ditame adoptado na Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente, en sesión de data 31/03/2016, para o cal outorga a palabra ao Concelleiro **D. Juan Constenla**, quen procede a dar lectura a cómo quedaría redactado este acordo plenario, tendo en conta o ditaminado na nomeada Comisión:

*"Primeiro.- A creación dun monumento homenaxe á Muller Galega, que poña en valor o importante papel da muller no mundo rural.*

*Segundo.- Procurar unha simboloxía (mural, estatua ou a que corresponda) para o seu recoñecemento físico e público a situar na Praza do Mercado."*

Intervén o Concelleiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, quen manifesta o seu desexo de ler unhas frases dun artigo que escribiu Vandana Shiba no libro "La praxis del ecofeminismo", artigo que se titula "El saber propio de las mujeres y la conservación de la biodiversidad": *"En la mayoría de las culturas las mujeres fueron las guardianas de la biodiversidad, ellas producen, reproducen, consumen y conservan la biodiversidad en la práctica de la agricultura; sin embargo, al igual que en todos los demás aspectos de su trabajo y de su saber, la contribución de las mujeres al desarrollo y conservación de la biodiversidad se presentó como un "no trabajo", un "no conocimiento". Su trabajo y sus conocimientos expertos se definen como parte de la naturaleza a pesar de estar basados en prácticas culturales y científicas complejas"*.

O Sr. Magariños continúa dicindo que considera que debería de ser un monumento á muller labrega, non só un monumento xenérico á muller, polo que dixo no parágrafo anterior, xa que permitiu que o ser humano chegue a onde está cunha certa biodiversidade e que se está a perder por causa do abandono dos valores que implicaba a muller na agricultura, xa que hoxe en día pasa ser "o home na agricultura" por causa da agricultura intensiva e agresiva que se está a practicar na actualidade.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada con data 18/03/2016 (RE nº 3543) polo grupo municipal de MÓVETE, en relación á creación dun monumento homenaxe á muller labrega e que se transcribe de seguido:

*" EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*Móvetete considera xusto a creación dun monumento que recorde o importante papel da muller no mundo rural, en diversas áreas como son a organización familiar, a economía doméstica, a muller nas relacións sociais, públicas e privadas e no folclore.*

*Este monumento sería unha homenaxe á función primordial que a muller leva desempeñando ao longo da historia de Galicia, sen descoidar a súa formación, promoción e protección cultural e social. Aínda hoxe, a muller ten no campo unha das actividades económicas máis importantes para o desenvolvemento da economía de Galicia.*

*Temos por diante un longo camiño de traballo ata acadar a igualdade, non cal é importante que, tamén dende a administración local, se adquiran novos compromisos para avanzar en materia de igualdade de xénero, o empoderamento das mulleres e os dereitos humanos das mulleres. Neste senso, propoñemos ao Concello a creación dunha Estatua-Homenaxe que visibilice a relevancia da muller labrega e do esforzo de*

*tantas outras que cada día loitan contra as trabas do sistema patriarcal e contra as políticas que atacan os dereitos sociais, laboráis, sexuais e reprodutivos das mulleres.*

*Móvete señala que aproveitando a próxima remodelación da Praza do Novo Mercado sería o momento e o lugar idóneo para a instauración do monumento homenaxe á muller.*

*Por todo isto, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:*

*A creación dun monumento homenaxe á Muller Labrega, que poña en valor o importante papel da muller no mundo rural. E considera a Praza do Mercado como o lugar idóneo para a instauración do monumento, aproveitando a súa próxima remodelación”.*

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente en sesión do 31/03/2016.

### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** A creación dun monumento homenaxe á Muller Galega, que poña en valor o importante papel da muller no mundo rural.

**Segundo.-** Procurar unha simboloxía (mural, estatua ou a que corresponda) para o seu recoñecemento físico e público a situar na Praza do Mercado.

### **7º.- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MÓVETE RELATIVA AOS USOS NON AGRARIOS DE HERBICIDAS CON GLISOFATO NO CONCELLO DA ESTRADA; PREVIO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE DE 31/03/2016.**

O Sr. Alcalde outorga a palabra á voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, quen procede a explicar a moción obxecto deste punto da Orde do Día, e que comeza dicindo que, sendo conscente dos efectos negativos que o uso de herbicidas con glifosato levan consigo para a saúde pública que afectan ou poden afectar á saúde das persoas e ao medio, propoñemos ao Pleno do Concello que adopte o acordo de non autorizar o uso dos herbicidas con glifosato en todo tipo de lugares públicos do municipio, e substituír estes produtos por métodos mecánicos e/ou biolóxicos non contaminantes que non danen a saúde nin o medio. Asimesmo, pide que este Concello se dirixa á maior brevidade posible ao resto das Administracións Públicas para que abandonen o uso de herbicidas derivados do glifosato no tratamento das cunetas da rede viaria que pasa polo termo municipal para que a protección da saúde das persoas e o medio no seu municipio sexa realmente efectiva. Ademais, na medida do posible, solicita que o Concello se comprometa a informar deste acordo aos colectivos veciñais dos efectos negativos que este tipo de herbicidas pode ter para o uso doméstico.

Toma a palabra o **Sr. Xosé Magariños** para manifestar a súa alegría porque o Concello aprobara esta Moción na Comisión Informativa, tendo en conta que o BNG presentara outra moción fai dous anos relacionado co uso de herbicidas nas cunetas, a cal tamén foi aprobada, deixando constancia do compromiso da Estrada co medio ambiente. Di tamén que quere aclarar unhas cuestións con respecto ao glisofato, así, tendo en conta a definición que a EPA da a este produto, hai que aplicar o sentido de prudencia xa que o que prima hoxe en día é unha agricultura moi masculina e máis destrutiva, polo que debería de terse certa sensibilidade e precaución, sobre todo tendo en conta que a Axencia Internacional para a Prevención do Cancro califica o glisofato dentro do grupo 2A, ao ser probablemente carcinóxeno en humanos. Continúa dicindo que a Unión Europea non está de acordo coa clasificación 2A que lle outorga a estes produtos a devandita Axencia, baixando dita clasificación, quizá por estar moi vinculada co comercio americano ao ser unha empresa americana a que comercializa estes produtos.

Intervén o **Sr. Alcalde** para dicir que todos os grupos políticos coinciden de maneira unánimemente nesta moción, dirixíndose ao Sr. Magariños para manifestar que non está de acordo co que o xénero masculino está levando a cabo unha agricultura destrutiva, di que está de acordo con dignificar a figura da muller pero non por iso temos que desdignificar a figura do home.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada con data 18/03/2016 (RE nº 3542) polo grupo municipal de MÓVETE, que se transcribe de seguido:

*“ EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*Cada ano, moitos municipios empregan herbicidas de acción rápida para eliminar o que veñen denominándose “malas herbas”, por mantemento dos espazos ou de cara á prevención de incendios forestais. Pero o uso de herbicidas químicos pode ter riscos moi serios. Diferentes estudos demostran que o Glifosato, compoñente dos herbicidas de uso máis estendido como o Roundup e outras marcas comerciais, ten efectos moi tóxicos sobre a saúde e o medio ambiente. O glifosato, un herbicida total non selectivo que se emprega para matar herbas e arbustos, infiltra no solo, é moi soluble na auga, e persistente no solo. Contamina os acuíferos, é tóxico para a fauna acuática, os animais domésticos ou o gando, e expándase sen control polo subsolo.*

*Existen estudos científicos que relacionan o uso do glifosato con afeccións e enfermidades. Entre os efectos adversos deste principio activo describíronse toxicidade subaguda e crónica, danos xenéticos, trastornos reprodutivos, aumento da frecuencia de anomalías espermáticas, e carcinomas. Ademais, cada preparado herbicida que contén glifosato vén acompañado doutras substancias que facilitan a súa absorción e que multiplican a súa toxicidade. Entre estes ingredientes están o N-nitroso glifosato que, como outros compostos nitroxenados, son canceríxenos, e o formaldehído, outro carcinóxeno coñecido que se forma durante a descomposición do glifosato.*

*Recentemente a International Agency for Research on Cancer pertencente á Organización Mundial da Saúde incluíu como probables carcinóxenos a unha serie de pesticidas organofosforados, entre eles o glifosato: <http://monographs.iarc.fr/ENG/Classification/>*

*Así, atopámonos co feito de que a aplicación dun herbicida como o glifosato en espazos públicos constitúe un risco ao que se somete á poboación, aos traballadores municipais que o empregan, ao gando, á flora e fauna, ou ao chan e ás augas, dada a súa toxicidade.*

*A Directiva marco para un uso sostible dos praguicidas, aprobada polo Parlamento Europeo o 13 de xaneiro de 2009, no seu Capítulo IV, artigos 11 e 12, expón que: "Os Estados membros, tendo debidamente en conta as medidas apropiadas para a protección do medio acuático, a auga potable e os requisitos necesarios de hixiene e saúde pública e a biodiversidade, ou os resultados das avaliacións de risco pertinentes, velarán porque se minimize ou prohiba o uso de praguicidas nas seguintes zonas específicas: ao longo das estradas [...], nos espazos utilizados polo público en xeral, ou por grupos vulnerables, como os parques, xardíns públicos, campos de deportes e áreas de recreo, recintos escolares e campos de xogo e os espazos próximos aos centros de asistencia sanitaria".*

*A devandita directiva foi trasposta no Real Decreto 1311/2012, que establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios, e que ten como obxectivo a redución dos riscos e os efectos do uso dos produtos fitosanitarios na saúde humana e o medio, e o fomento da xestión integrada de pragas e de formulacións ou técnicas alternativas, tales como os métodos non químicos.*

*Este Real Decreto contempla que as súas disposicións "se entenderán sen prexuízo de que a Administración competente en cada caso poida aplicar o principio de cautela limitando ou prohibindo o uso de produtos fitosanitarios en zonas ou circunstancias específicas". Ademais das anteriores, o marco xurídico para a aplicación de herbicidas e praguicidas complétase coas seguintes normas:*

- Directiva Marco sobre a Auga (Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello).*
- Directiva Aves (Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello)*
- Directiva Hábitats (Directiva 92/43/CEE do Consello)*
- Lei 33/2011, do 4 de outubro, Xeneral de Saúde Pública.*

*Xa son moitos os gobernos e autoridades que están a limitar ou abandonar o seu uso. Actualmente en Francia estúdase mesmo a posibilidade de prohibir a súa venda. Diversas deputacións e municipios do*

*estado español tamén están a limitar ou erradicar o uso de herbicidas e de glifosato debido aos impactos ambientais e sobre a saúde dos seres vivos.*

*Os Concellos, como administracións públicas de servizos á comunidade, deben liderar proxectos e accións encamiñadas a promover ámbitos de seguridade no marco da saúde pública.*

*Por todo isto, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:*

*1.- Consciente dos efectos negativos que o uso de herbicidas con glifosato levan consigo para a saúde pública, que afectan ou poden afectar á saúde das persoas e ao medio (co impacto resultante nos sectores produtivos como a apicultura, agricultura e a destrución do emprego e da actividade económica local) e tomando como referencia a Directiva marco para un uso sostible dos praguicidas e o Real Decreto 1311/2012 polos que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios, o Pleno do Concello Da Estrada acorda non autorizar o uso dos herbicidas con glifosato en todo tipo de lugares públicos do municipio, e substituír estes produtos por métodos mecánicos e/ou biolóxicos non contaminantes, que non danan a saúde nin o medio.*

*2.- Así mesmo, este Concello dirixirase á maior brevidade posible ao resto das Administracións Públicas, solicitando o abandono inmediato do uso de herbicidas derivados do glifosato no tratamento das cunetas da rede viaria que pase polo Termo Municipal, para que a protección da saúde das persoas e o medio no seu municipio sexa realmente efectiva.*

*3.- O Concello comprométese a informar deste acordo a todos os colectivos e entidades políticas, sociais e veciñais existentes no municipio para evitar tamén o uso doméstico de herbicidas con glifosato”.*

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente en sesión do 31/03/2016.

#### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Non autorizar o uso dos herbicidas con glifosato en todo tipo de lugares públicos do municipio, e substituír estes produtos por métodos mecánicos e/ou biolóxicos non contaminantes que non danen a saúde nin o medio, ao abeiro dos efectos negativos que o uso de herbicidas con glifosato levan consigo para a saúde pública e que afectan ou poden afectar á saúde das persoas e ao medio (co impacto resultante nos sectores produtivos como a apicultura, agricultura e a destrución do emprego e da actividade económica local) e tomando como referencia a Directiva marco para un uso sostible dos praguicidas e o Real Decreto 1311/2012 polos que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios.

**Segundo.-** Dirixirse, á maior brevidade posible, ao resto das Administracións Públicas solicitando o abandono inmediato do uso de herbicidas derivados do glifosato no tratamento das cunetas da rede viaria que pase polo Termo Municipal, para que a protección da saúde das persoas e o medio no seu municipio sexa realmente efectiva.

**Terceiro.-** O Concello da Estrada comprométese a informar deste Acordo a todos os colectivos e entidades políticas, sociais e veciñais existentes no municipio para evitar tamén o uso doméstico de herbicidas con glifosato.

**Cuarto.-** Informar a cidadanía estradense dos inconvenientes do uso abusivo/excesivo deste tipo de produtos así como da obriga de superar os cursos habilitantes para o uso correcto dos mesmos.

**8º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA COMARCA DO DEZA E TABELIRÓS-TERRA DE MONTES; SEGUNDO PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.**



O **Sr. Alcalde** propoñe retirar este punto da Orde do Día porque, por erro, non foi ditaminado previamente pola Comisión Informativa correspondente, pasando a ser tratado fóra da Orde do Día.

Pide a palabra a **Sra. Belén Louzao** para dicir que consultou o expediente unha vez se lle convocara para esta sesión e, ao observar que non fora ditaminada previamente, pideu que se retirara da Orde do Día para ser tratado previamente na Comisión Informativa respectiva e así poder estudar en máis profundidade o expediente, pero se se decide levalo fóra da Orde do Día, advierte que se absterán en votar por carecer de información. Pide que se non hai unha maior razón que xustifique a urxencia, non se leve fóra da Orde do Día desta sesión.

Contesta o **Sr. Alcalde** que este asunto non ten unha urxencia xustificable, polo que se convocará a correspondente Comisión Informativa para que se ditamine e se levará a outra sesión plenaria.

Sometido a votación, acórdase, por unanimidade, deixar o asunto sobre a mesa por non haber sido ditaminado previamente pola Comisión Informativa correspondente.

**9º.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA N° 261/2016, DE 30 DE MARZO, RELATIVO Á SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DE TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O CONFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.** Dáse conta do Decreto da Alcaldía n° 261/2016, de 30 de marzo, e que se transcribe de seguido:

*“ A vista a proposta da Concelleira de Benestar Social*

*A vista do sinalado no artigo 14 da Lei 30/92 no relativo a avocación de competencias.*

*A vista a competencia desta Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado no artigo 7.2 do Decreto 1627/97, artigo 21.1.s) da Lei 7/85 e Decreto de delegación da Alcaldía n° 682/2015, de 15 de xuño.*

*A vista do Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, publicado no Diario Oficial de Galicia do 30 de marzo de 2012 (D.O.G. n° 63).*

*A vista do Anexo V que se achega, correspondente a solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento*

**RESOLVO:**

*1. Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local.*

*2. Solicitalle á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.*

*3. Que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral deste anexo V, é de 662.445,20 €, co seguinte detalle:*

*- Persoal: 102.107,00 €*

*- Mantemento: 800,00 €*

*- Axuda no fogar:*

*○ Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 40.000,00 €*

*○ Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 394.072,20 €*

*- Xestión de programas: 125.466,00 €*

*- Investimento: 0,00 €*

*4. Que o acordo inclúe a declaración de que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse nas mesmas condicións que no ano anterior.*

5.- *Que se adoptou o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2016 na contía de 741.928,50 €, que supón unha porcentaxe do 52,83 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas..*

5.- *Dar conta ó Pleno da Corporación do contido da solicitude na vindeira sesión que se celebre.”*

A Corporación en Pleno queda sabedora.

**10°.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS DURANTE O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 29 DE FEBREIRO DE 2016 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS).** Dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 1 e o 29 de febreiro de 2016 (ambos os dous incluídos), e que van dende o n° 79/2016 ao n° 171/2016 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

**11°.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS DURANTE O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE MARZO DE 2016 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS).** Dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 1 e o 31 de marzo de 2016 (ambos os dous incluídos), e que van dende o n° 172/2016 ao n° 268/2016 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

#### **12°.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Sra. Belén Louzao, voceira do PSdeG-PSOE:** Inicia o turno de rogos e preguntas desta sesión plenaria dicidindo que ten varias preguntas para facer:

En primeiro lugar, recorda os acordos plenarios adoptados por unanimidade nas sesións celebradas nos meses de agosto de 2015 e febreiro de 2016, polos que se pedían unha serie de arranxos e melloras no Centro de Saúde e melloras na zona de aparcamento das ambulancias e acceso aos usuarios, sen embargo, a día de hoxe, non se sabe nada sobre esas cuestións, polo que pregunta que sucedeu co acordado nas devanditas sesións plenarias e que pasou con esas modificacións e iniciativas, así como se a zona para as ambulancias se vai a facer con cargo ao orzamento municipal ou vai a facelo a Xunta.

Resposta o **Sr. Alcalde** que, no relativo ao último acordo plenario adoptado, relativo á zona de aparcamento para ambulancias, ao día seguinte, en coordinación co Centro de Saúde, se eliminaron parte dos pivotes existentes na zona, pintando en cor amarelo a zona reservada para ambulancias. No que respecta ás obras para mellorar a accesibilidade do Centro de Saúde, explica que o Concello remitiu unha Memoria valorada á Consellería, a cal dou o visto bo, redactándose un Convenio que espera asinar dentro deste mes para resolver este tema; asimismo, aclara que a mellora da accesibilidade do Centro de Saúde supón unha inversión de aproximadamente 24.000,00 euros e, de acordo co SERGAS, este Concello colaborará co financeamento do 25% desa inversión. Neste tema comenta que a aspiración do seu grupo de goberno é a construción dun novo Centro de Saúde, polo que o que se está a facer son pequenas actuacións para mellorar o existente.

Continúa a **Sra Belén Louzao** preguntando en cómo está o tema de reclamarlle á Xunta que asuma os gastos dos demais centros de saúde.

Responde o **Sr. Alcalde** recordando que existen un pacto local asinado o 2006 ou 2007 no que a Xunta tiña que asumir todos os gastos dos centros de saúde, facéndose unha primeira transferencia no ano 2008, non facéndose ningunha máis ata o día de hoxe. Di que a Consellería está facendo un estudo do pacto local asinado con varios concellos neste tema para saber o impacto económico, pero cré que

nestes momentos non é unha prioridade para ela, sen embargo se seguirá loitando para que este órgano asuma os custos dos centros de saúde, considerando que o mellor sería facelo a través da FEGAMP.

A **Sra. Belén Louzao** solicita que se presione a través do Pleno para que a Xunta asuma esta responsabilidade de correr cos gastos dos centros de saúde.

Continúa facendo a pregunta de por qué o Concello se demorou en notificar as liquidacións do importe que os usuarios do Servizo de Axuda no Fogar teñen que pagar proporcionalmente pola recepción do dito servizo, cando estas liquidacións terían que notificarse mensualmente, sen embargo os usuarios se están atopando con notificacións polas que se lles reclama o pagamento de varios meses. Ante esto tamén solicita que, a pesares de que a Intervención municipal está saturada de traballo, hai cousas que considera que se deben priorizar, sobre todo neste asunto en que falamos de xente con baixos recursos económicos e que agora se atopan con que deben de pagar unha cantidade importante pola suma de varias mensualidades pola prestación do SAF, incluso por servizos prestados a persoas xa falecidas. Polo anterior pide unha explicación neste tema ao mesmo tempo que insta ao grupo de goberno para que non volva a suceder.

O **Sr. Alcalde** responde dicindo que é consciente desa situación e que non se trata dunha incapacidade política senón dun atasco que se produce no departamento municipal de Servizos Sociais, o que repercute no departamento de Intervención. Di que o que está claro é que non se pode deixar de cobrar esas taxas e que, nalgúns casos, son cantidades moi pequenas, xa que se tratan de importes de copago calculados sobre a renda e posibilidades económicas de cada usuario, sen embargo, estase a atender as peticións dalgunhas persoas para fraccionar o pagamento e outorgarlles todas as posibilidades para efectuar o abono das cantidades reclamadas. Recoñece que é unha situación que non pode repetirse e que hai que axilizar.

Intervén a voceira do grupo municipal de MÓVETE, **Sra. Mar Blanco**, dicindo que ten dúas preguntas e un rogo. A primeira pregunta é cales son as penalizacións previstas para a empresa encargada da urbanización da Baiuca en caso de que non cumpra co establecido no contrato no referente ao prazo de 29 días para a execución da obra, avisando que non lle vale a excusa do amianto, xa que era un tema previsto.

Resposta o **Sr. Alcalde** explicando que existe unha contestación lóxica e avalada pola Secretaría municipal, o cal é que existe un proxecto redactado por un Arquitecto municipal, ao que ten que axustarse a empresa, sen embargo, aos dez días de empezar a obra, a empresa notifica que no proxecto non estaba recollida a autorización expresa do órgano competente para poder efectuar a retirada dos elementos que contiñan amianto, retirada que ten que facer dito órgano previa inspección; así que, por tratarse dun erro da administración, non se pode penalizar á empresa, polo que o prazo de execución da obra está paralizado mentres non se solucione e se leve a cabo a retirada deses elementos mediante Decreto da Alcaldía e previo informe da Secretaría municipal.

Reanuda o seu turno a **Sra. Mar Blanco** para preguntar se na actualidade hai algunha persoa traballando no Museo, en caso afirmativo solicita información sobre o tipo de contrato que ten, dende cando está e que tarefas ten asignadas.

O **Sr. Alcalde** contesta que hai traballando unha persoa chamada Juan Andrés Fernández Castro, Director do Museo Fernández Portela, traballador incansable e xubilado ao que hai que recoñecerlle o seu traballo e implicación. Di que este Concello solicitou un becario dentro do programa da Deputación Provincial para que axudara na organización do devandito Museo, o cal finaliza os seus servizos neste mes.

Continúa a **Sra. Blanco** para formular unha serie de rogos. O primeiro é a solicitude de convocar unha Comisión Informativa para tratar as cuestións relativas ao Polígono Cidade do Moble e así ter coñecemento do falado coa Sra. Conselleira, o sentido que se lle quere dar ao proxecto e analizar a viabilidade económica e medioambiental deste Polígono.

O **Sr. Alcalde** responde que se convocará a Comisión correspondente, pero adiántalle que houbo unha reclamación xudicial en contra do proxecto dando lugar a unha sentenza favorable ao expediente de tramitación do proxecto da Cidade do Moble validando todo o procedemento pero esixindo a existencia dun informe de telecomunicacións antes de aprobar definitivamente o nomeado proxecto. Di, ademais, que unha vez solucionado este problema, se procederá a continuar co procedemento, incluíndo a solucitude dalgúns empresarios de modificar o proxecto sectorial para que en lugar de desenvolvelo nunha única fase (de máis de 300.000 m<sup>2</sup>) se faga en varias fases para facilitar a posta a disposición dese solo industrial. Polo tanto, se trata de un proxecto de planeamento incorporado ao Plan Xeral do que o Instituto Galego da Vivenda e o Solo está pola labor de asumir os custes de asistencia técnica para facer esa modificación puntual do proxecto sectorial, de forma que quedará como un proxecto por polígonos e fases para a súa execución.

A **Sra. Mar Blanco** solicita que, a pesares da información outorgada polo Sr. Alcalde, se celebre a Comisión Informativa para saber se hai xustificación obxectiva para continuar con ese proxecto.

Continúa pedindo que se cumpra o Acordo adoptado polo Pleno na sesión do mes de outubro pasado, polo que se acordaba organizar unha campaña de información e organización de actividades e xogos tradicionais galegos nos diferentes centros educativos do Concello, co gallo de crear unha Escola de Loitas Olímpicas e Loita Galega de cara ao próximo curso en caso de haber nenos suficientes; pois, como se está a rematar o curso escolar, quere que se teña en conta ese Acordo plenario e se poña en funcionamento a dita campaña.

O **Sr. Alcalde** di que se dará resposta a ese rogo, de feito xa falou co Concelleiro para facer unha campaña de cara ao próximo curso escolar.

A **Sra. Mar Blanco** expón outros rogos, un deles é unha inquedaanza que lle trasladaron os veciños da rúa Decoita sobre a necesidade de facer un paso de peóns á altura da Avda de Vigo, cré que hai informes favorables para a súa creación e que se está esperando mellor tempo para o pintado.

Outro rogo é que se repare o firme do aparcadoiro existente xunto a Correos, e que tamén se estaba esperando que mellorara o tempo para efectualo.

E, o último, se trata sobre o aparcamento das ambulancias no Centro de Saúde, pedindo a colocación dunha sinalización e control de aparcamento fronte ao centro, na Avda de Santiago.

Para finalizar, di que ela e os estradenses non se crén a promesa da creación dun novo Centro de Saúde, sobre todo despois de que se cumpriran 18 anos dende que se empezou a falar sobre este tema.

A este último tema, o **Sr. Alcalde** dálle a razón á Sra. Blanco, pero lle recorda que fai dezaioito anos non estaban eles gobernando, de feito este goberno está a facer obras e proxectos que se levan prometendo fai moitos anos.

Pide a palabra a **Sra. Belén Louzao** para trasladar unha pregunta das distintas asociacións xuvenís sobre se o Concello se adheriu ao novo programa da Deputación Provincial de Pontevedra de Depurruarte e que vai dar formación a xóvenes no verán a través de cursos de formación.

Responde o **Sr. Alcalde** que a convocatoria saleu xa e que se ten previsto pedir a adhesión a ese programa da Deputación.

Toma a palabra o voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, manifestando os rogos de que se pinten varios pasos de peóns no casco urbán e que están en mal estado, e que se pinte de novo a sinalización horizontal da Praza da Feira.

A parte do anterior, o Sr. Magariños formula unha pregunta consistente en que se os traballos que se están a facer na beirarrúa da rúa San Paio é un mero parche o unha reparación definitiva?.

Resposta o **Sr. Alcalde** que se está a reparar un socavón existente fronte á gasoliñeira e facendo un reforzo pola parte interior do firme, por iso estaba

valada a beirarrúa, pero pronto se restablecerá o servizo e quedará resolto.

Antes de finalizar a sesión o **Sr. Alcalde**, dentro do Regulamento de Participación Cidadán, pregunta se hai algunha persoa, previa identificación con DNI, que queira intervir.

Intervén o **Sr. José María Vázquez Caramés (DNI 35357358Z)** para dar as grazas pola axuda enviada para a merca de vendas para o rapaz residente en Venezuela, informando que houbo dous envíos, o primeiro foi interceptado na aduana tendo que pagar 70 euros, pero o segundo chegou ao destino, sendo unha vergonza saber a quen temos.

Continúa dicindo que se vai a celebrar o cursillo sobre produtos fitosanitarios, e quere que este se faga en castelán porque o galego de agora non entende, ademais, aínda que fala galego, non o sabe ler nin escribir, por eso solicita que ese curso se faga en castelán para quen o pida.

Resposta o **Sr. Alcalde** con respecto aos cursos fitosanitarios, que o Concello está a colaborar na organización deses cursos e advirte que son necesarios que se fagan, polo que pide que a xente non se despiste nin o deixen pasar, transmitindo que por parte do Concello se lles dará todo tipo de facilidades para que os fagan.

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros e do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas trece minutos.

A Estrada, 7 de abril de 2016

A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Artime Alonso